

Xogos

[Xogo] Quen te picou

Xogo de nenos. Un nenoponse sentado e outro axeonllado, coa cabeza agachada no colo do primeiro e cunha man palma arriba sobre as costas.

Outro xogador tócalle na palma da man cun dedo, co puño ou dálle unha palmada. Entón o que está sentado, pregunta:

Quen te picou, berza? [Variante: Adiviña quen che deu, que a man che cortou]

O que está axeonllado, responde:

Quen me picou que nunca pareza

E di o nome do que pensa que o picou .

Se atina, o que lle tocouponse de xeonllos no seu lugar; se non atina, segue apandando.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.